

X E R A I S N A R R A T I V A

SUSO DE TORO
UN SEÑOR ELEGANTE

Unha memorable novela de non ficción
que nos conta a sorprendente historia
dunha familia e revisa o pasado
resistente da Galicia antifranquista.



A familia Baltar atesoura un sorprendente patrimonio cultural e humano. Atraído polo insólito perfil dalgún dos seus membros, o escritor Suso de Toro realiza unha indagación para reconstruír a historia dunha familia que, en distintos momentos, protexe a Rosalía de Castro e Murguía e logo á familia Castelao ou a Dieste.

Tras manexar materiais froito dun intensísimo traballo de documentación, Suso de Toro ofrécenos unha novela abraiante, que aglutina unha síntese persoal de novela río, histórica, psicolóxica e novela de ideas. É unha narración que chega do século XIX e atravesa o século XX galego, español e europeo. Unha historia radicalmente local e ao tempo europea.

Un señor elegante é, sobre todo, unha novela de investigación: a persecución dunha figura descoñecida que se vai manifestando ata apoderarse de todo o libro e descubriros un personaxe comprometido co seu tempo, coa xente e co país. Alguén dunha enorme dimensión ética. A figura dese Baltar lémbra-nos, desde a penumbra, que ademais da aceptación da derrota e da pura supervivencia dos vencidos, tamén houbo resistencia e disidencia.

Esta é unha memorable novela de non ficción que demostra que existiu unha outra Galicia vital, alegre e afirmativa, moi distinta da que nos contaron.

SUSO DE TORO **UN SEÑOR ELEGANTE**

544 páxinas

978-84-9121-766-4 | 1331467

En librarías o 12 de novembro de 2020

23,90 €

xerais.gal

Deseño de capa: Elemental / Manuel Martínez
Imaxe de portada: Pepe Barro

1.ª edición: novembro 2020

© Xesús Miguel de Toro Santos, 2020
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2020
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal
<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-766-4
Depósito legal: VG 460-2020

SUSO DE TORO

UN SEÑOR ELEGANTE

Os documentos que se reproducen neste libro son reais e os feitos relatados ocorreron. A interpretación dos personaxes, das historias e o relato enteiro é responsabilidade exclusiva do autor.

É o mais forte quem não precisa ninguém.

Ficções do Interlúdio.

FERNANDO PESSOA

Se son eu o heroe da miña propia vida
ou se un outro calquera
me vai substituír, hano dicir estas páxinas.

David Copperfield.

CHARLES DICKENS

Preludio

«Sigo investigando para a novela (hai dous días estiven cos Baltar: moi interesante). Paréceme que vai ser un bo libro.» Un apuntamento na miña «bitácora» o domingo 11 de xullo do ano 2004.

Estaba entón a documentarme sobre como era a vida na miña cidade e sobre o ocorrido ao redor de 1936 para un romance que publiquei dous anos despois, *Home sen nome*. Nunca conseguín saber se resultou «un bo libro», como eu pretendía cando o escribín.

Nesa fase de procurar os escasos documentos accesíbeis entón e falar con algúns superviventes, apareceume un par de veces entre os nomes das persoas afectadas pola represión o primeiro apelido de Rafael Baltar Tojo, un catedrático e arquitecto co que tiña trato. Pregunteille coa discreción que puideren –sabía que era un tema incómodo para todas as familias– polos posíbeis castigos padecidos, e el respondeume propoñendo unha reunión con máis membros da familia, cousa que me sorprendeu e que case me cohibiu.

Organizou aquela reunión na súa casa. O ambiente era grato e, ao que eu abrín a boca para facer algunha pregunta,

comezou unha enxurrada de anécdotas e evocacións familiares que me facían sorrir. Eu estaba desconcertado, pois o que aquelas persoas tan amábeis contaban non tiña nada a ver coas cousas que xa sabía, cos horrores nos que andaba eu a revolver. Mesmo cando aparecían incidencias desagradábeis ou dolorosas, eran narradas sen dramatismo. Tiven que pedir excusas: aquelas historias tan amenas non eran o que eu procuraba e, ademais, non quería introducir aquel relato de anécdotas da súa historia familiar nun libro tan escuro coma o que andaba a armar.

Naquela altura non puideron comprender como era que unha familia que padecera represalias na xeración anterior, co que iso condiciona sempre a xeración seguinte, podía manter aquela relación tan pouco dramática co seu pasado. A historia que asomaba daquela familia escapaba ao tópico e ás miñas expectativas previas. De feito, esa ambigüidade foi algo que me intrigou e aínda me intriga todo o tempo agora, mentres ando a escribir neste libro, e non sei se conseguirei comprendelo de vez ao que o dea acabado. Entón dixeron cousa así: «Esta familia ten unha historia que quere ser contada, mais eu agora estou noutra cousa, un libro moi tétrico, e non merece estar aí».

As anécdotas desordenadas que me relataron aquela tarde esquecínas completamente, mesmo perdín a gravación, cousa non rara en min. Pasaron os anos e sempre me quedou a conciencia de que tiña unha certa débeda con aquela familia, mais un garda remorsos por tantas cousas que non podería reparalas todas. E daba por descontado que aquela era unha desas que xa non tiñan reparación.

Porén, aquí estou.

O día 2 de xuño de 2019 fixen estoutro apuntamento que agora recupero: «Quero comezar cos traballos do libro dos Baltar. A novela debera poder ir facéndoa en paralelo e con tempo e vagar». É a primeira referencia que encontro neses meus diarios a este libro. Entre eses dous apuntamentos, aquela familia que encontrei quince anos atrás non é a mesma; eu sigo aquí, mais aquel Rafael –e, coma el, outros membros da familia que estiveron aquel día na súa casa– xa non está e a aquela familia ocorréronlle cousas que eu descoñecía cando me puxen con este libro.

Eu estaba a escribir un romance novo e pretendín escribir estoutro libro en paralelo como un proxecto que me supuxese menor concentración e traballo; ao cabo, a diferenza do que acontece coa literatura de ficción, aquí non tiña por que intervir maiormente a imaxinación, só tería que ir tecendo os feitos que iría coñecendo, así pensaba eu. Un nunca sabe como vai ser o libro que se empeza.

Sei como empezou: un día acudín á inauguración dun museo dedicado á obra do pintor Carlos Maside e de alí saín con algo que non me deixou de andar na cabeza.

Entre moita xente que saudei, encontrei tres persoas da familia Baltar.

«Non sabía que erades testamenteiros da vontade de Maside, de que a súa obra permanecese en Santiago», comenteille a Juan Ramón, un deles. «E non o sabías?», contestoume. «A obra de Maside, ou parte dela, a partir de agora, con este pequeno museo, xa fica na cidade. Asistir a este acto como testamenteiros da súa vontade era un deber de Baltares. Os Baltar tamén fomos testamenteiros do pai de Castelao e das súas irmás.»

Sorprendeume que falase dun deber familiar. «Estades en todas partes. A vosa familia aparéceme aquí e alí cando reviso as cousas que me interesan do pasado, mais é como se non tivese un lugar propio, como se fose un rumor confuso ou estivese aló ao fondo nunha penumbra», díxenlle.

«E sabes a historia da fuxida do tío Antonio polo porto da Coruña?» E contouma nun momento mentres bebía un viño branco e apañaba algún petisco dos que serviran na inauguración. Un deses episodios dos que un di: «Semella a secuencia dun filme». Mais nese momento eu estaba cos meus propios proxectos literarios e deixei pasar esa posibilidade que me ofrecían. «A vosa familia ten unha historia que pide e debера ser contada, mais eu agora non vou poder.» Escuseime e despedímonos, marchei como fuxindo daquela historia. Naquel momento non me puideran parar a pensar que acababa de repetir algo que xa dixera quince anos atrás. A historia desa familia volvíaseme aparecer e eu volví escapulirme.

Marchei de alí confuso polo ruído de tanta xente a saudar, polos tres vasos de viño branco sen comer e tamén por aquel engado que me deixaran caer no ouvido. Estaba ocupado con outro libro, non podía meterme con aquela historia, mais había alí unha materia narrativa que chamaba por min.

Tanto chamaba que, logo de dous días nos que andou a remoer dentro miña, acabei por dicir en voz alta mentres baixaba as escaleiras da casa: «Teño que escribir esa historia». Así que, como eses Baltares, tamén eu sentín que tiña un deber, o deber de contar isto. Faltaban persoas, faltaban voces, faltaba memoria, pasaron os anos e todo se gasta; así e todo, intenteino facendo esta investigación.

Hai anos Jaime Chávarri, autor dese filme absolutamente único titulado *El desencanto*, contoume que o que el pretendera fora gravar un documental sobre o poeta astorgano Leopoldo Panero, simplemente. O que lle saíu foi un psicodrama, que como todo evento real é irrepetíbel, a implosión dunha familia patriarcal. Ese filme sempre me pareceu unha das formas máis radicais da arte e sempre envexei esa capacidade de fundir arte e vida ou facer que a arte bata na vida para ouvir a súa resonancia.

Escribir un libro sobre unha familia implica riscos, escribindo este houbo momentos nos que, aínda que non asistín a unha experiencia de explosión do relato familiar, afortunadamente, si sentín que en cavando na memoria os golpes facían abanear os alicerces da casa paterna. Sentín que provocara sacudidas internas na memoria familiar, esas incómodas perturbacións que eran o anuncio do nacemento dun relato novo desa familia e a emerxencia dun personaxe que se me fixo fascinador e que chegou a serme familiar e íntimo.

Claro é que, cando visitas unha casa cerrada, os teus propios pasos levantan figuras do silencio e das sombras e non sabes ben canta semellanza teñen estas con aqueles que viviron e son lembrados polos que os coñeceron. De feito, esas figuras espectrais loitan coas lembranzas dos que están vivos e lembran. Debemos conformarnos con eses pálidos espectros, é o único que damos conseguido. Xa aviso.

«Pasaporte» da guerrilla

Porque a actitude consciente de Ramón na educación dos fillos foi unha constante, sobre todo nas primeiras décadas tras a guerra. Como cando foi á Coruña a visitar ao cárcere o seu amigo Antonio Concheiro, que estaba preso por darlle atención médica ao guerrilleiro Benigno Andrade, *Foucellas*.

Parou o auto diante da prisión e explicoulles aos tres fillos pequenos, novamente os varóns: «Veño visitar a Antonio Concheiro, que está na cadea. Sodes moi novos agora, pero algún día entenderédolo. Ás veces hai persoas que están presas sen merecelo, e algún día saberedes máis de todo o que hai». E deixounos fóra a agardar mentres el entraba a visitar o amigo.

Agora que relatas isto caes na conta de que seguramente tamén estaba a falar de si, pois non podes precisar o mes desa visita, pero, pola data da execución de *Foucellas*, tivo que ser en 1952, cinco anos despois de estar el propio preso no cárcere de Vigo. Probabelmente Ramón pensaba nese día futuro en que os seus fillos máis novos saberían que o seu pai estivera no cárcere e quizais sentisen vergoña e mágoa. «Ás veces hai persoas que están presas sen merecelo.»

Aquel día levoulle un libro ao amigo recluso, un título que semella ben inapropiado para a época, a ocasión e o lugar: *La rebelión de las masas*, de Ortega y Gasset. Durante a visita pediulle a Concheiro: «Indícame quen é *Foucellas*. «Aquí non está, a próxima vez que veñas dígollo a Benigno.» E na seguinte visita *Foucellas* estaba avisado, sinaloullo entre os presos e os dous homes saudáronse cun aceno de recoñecemento coa cabeza. Uns meses antes, *Foucellas* ferírase el propio dun tiro da súa pistola a cabalgar polo monte, fixéranlle unhas radiografías no sanatorio Baltar para dar un diagnóstico e posteriormente fora operado noutro sanatorio na Coruña. Nese momento coñecía o portador daqueles ósos radiografados no seu sanatorio, e seguramente estaría a considerar con ollada clínica as secuelas da ferida nos movementos do corpo daquel preso que lle devolveu o saúdo.

Uns meses antes, aquel home novo aínda camiñaba e cabalgaba libre. Antonio Concheiro era de orientación dereitista, aínda que non entusiasta do réxime. Non formaba parte da rede da resistencia, mais era persoa, era veciño e era médico. Unha noite de 1952 apareceulle un veciño, Manuel Ponte Pedreira, Ponte, o *Xastre*, un dirixente da guerrilla, e traía un home ferido. «Antonio, teño aquí un estudante ferido.» «Manolo, por Dios, que o estudante ferido é *Foucellas*.» Coñecíao de máis, non só era tamén veciño da comarca, senón que Benigno mesmo traballaba nas terras da familia do propio Antonio. Levárono para o sanatorio que tiña en Ordes primeiro e logo ao de Santiago, onde Ramón Baltar dixo: «Isto haino que operar». Entón trasladárono á Coruña e foi operado finalmente alí polo doutor Ramallal Rumbo.

Cando deteñen a *Foucellas*, deteñen tamén a Concheiro por atendelo, rexistran a súa casa en Ordes e trasládano ao cárcere da Coruña. O traslado dun detido político podía supor ser «paseado» polos gardas civís que o custodiaban, e Antonio conseguiu que o acompañase un garda que era veciño seu e lle merecía confianza. «Quero que me leve Quintela», pediu, e conseguíuno. As amizades entón podían supor a vida.

O propio Ponte salvoulle á súa vez a vida a Antonio Concheiro, como llo contou *Foucellas* posteriormente a el estando presos ambos.

Nunha ocasión viñera un militante de fóra atentar contra o tenente da Garda Civil, Serrano, que estaba casado coa boticaria de Ordes e baixaba a pasear polas tardes por un camiño escuro con Antonio e outros irmáns seus. «Con esta luz non vou poder apuntar, vounos liquidar a todos.» Ponte armou a súa pistola: «Se disparas agora, métote eu un tiro —ameazou—. A don Antonio ti non mo matas». O terríbel é que Ponte morreu por tiros da Garda Civil, non sabemos se da arma dese tenente ao que lle salvara a vida un ano antes. Fixo ben ou fixo mal Ponte naquela ocasión? As leis da guerra e as leis dos afectos.

Antonio Concheiro salvouse dunha condena grazas a que *Foucellas* se desdixo ante o fiscal da súa primeira declaración tras ser detido, na que confesou que Antonio o curara. Cando o xuíz os puxo cara a cara, afirmou que aquel home non era Antonio Concheiro e que nunca o vira diante. «Este non foi o que me curou. Este non é Antonio Concheiro.» O fiscal reafirmoulle a identidade de Antonio Concheiro, alí sentado. «Pois entón enganáronme. Que cabróns, enganáronme. Dixéronme que me curara Antonio Concheiro e non era.» Dubidando da

súa identidade, Antonio foi absolto. Evidentemente, non só *Foucellas* quixo evitarlle a condena.

Benigno Andrade, *Foucellas*, non foi absolto. Meses máis tarde de vérense no cárcere vai ser a autoridade militar quen obrigue a Ramón a revisar as feridas de *Foucellas*. No mes de agosto é chamado á Coruña para peritar o estado de saúde do condenado, era un requisito administrativo que estivese curado antes de fusilalo. Semella que para que o crime fose completo. Ramón foi e testificou que aínda non estaba curado desa ferida. Cando volveu á quinta de Tanxil onde veraneaba a familia, os fillos preguntáronlle como era *Foucellas*. «Un rapaz loiro e de ollos azuis.»

Cinco días despois, *Foucellas* foi executado a garrote vil. Debeu ser que as súas feridas curaron axiña. Quen soubese as breves frases que puideron intercambiar Benigno e Ramón para podelas escribir.

«O maior criminal dos últimos anos», dixo a Garda Civil, foi condenado e morto por garrote vil. «Morro polas miñas ideas, polas liberdades e por un Goberno lexitimamente elixido», díxolle el á súa filla.

Por que chamaron a Ramón Baltar á Coruña cando tiñan alí médicos militares para peritar as feridas do reo, Ramón xa non era médico militar entón? Por humillalo, sabendo que el participara na curación de *Foucellas*? Por facelo encarar coas súas propias responsabilidades?

Aquel Ramón Baltar Domínguez, fillo de don Ángel Baltar Cortés, patricio e protector dunha ampla familia compostelá, membro outrora da alegre xuventude burguesa local, de ideas republicanas e galeguistas mais sen afiliación que coñezamos,

aquele capitán médico asimilado, obrigado a ir á fronte de guerra no bando dos militares sublevados, ten pasaporte para circular polas estradas onde a guerrilla asalta obxectivos económicos e políticos.

El sabíao e dalgún modo debía sentir certo orgullo. Nunha visita á Coruña cos fillos, o seu amigo Ramón Cobián avísao: «Volve para Santiago, que se fai noite e onte os de *Foucellas* asaltaron no camiño a Blanco Cicerón». E Ramón sorri: «Non creo que *Foucellas* me queira a min tan mal como a Blanco Cicerón».

Aquel Ramón Baltar que «tiña pasaporte da guerrilla» para circular volvía unha tarde de pasar o día na praia cos fillos. Dous autos cargados de nenos, nun o doutor Villar Iglesias cos seus e no outro Ramón cos propios, volven da praia de Carnota cara a Santiago pola montaña. De súpeto encontran a estrada cortada por un piñeiro atravesado e, cando se para un auto e detrás o outro, cae outro piñeiro pola parte traseira, cortando a retirada. Baixan os dous homes de cadanseu coche, os rapaces permanecen dentro. Óese unha voz: «Deixádeos pasar, son o doutor Villar e don Ramón Baltar, que veñen de pasar o día na praia cos rapaces». Ramón achégase aos homes armados para axudar a retirar o piñeiro e despídense.



© Nel DTC

SUSO DE TORO (Santiago, 1956) é licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. En 2003 foille concedido o Premio Nacional de Narrativa. Como narrador publicou: *Caixón desastre* (1983, 1991), relatos, Premio Galicia da Universidade de Santiago; *Polaroid* (1986), relatos, Premio da Crítica Galicia; *Land Rover* (1988), novela; *Ambulancia* (1990), novela; *Tic-Tac* (1993, 2003), novela, Premio da Crítica Española 1994; *A sombra cazadora* (1994), novela; *Conta saldada* (1996, 2017), novela; *Calzados Lola* (1997), novela, Premio Blanco Amor; *Círculo* (1998), relatos; *Non volvas* (2000), novela, Premio da Crítica Española; *Trece badaladas* (2002), novela, adaptada libremente ao cine por Xavier Villaverde co título homónimo (2003) e Premio Nacional de Narrativa; *Morgún (Lobo Máxico)* (2003), novela; *Home sen nome* (2006), novela; *Sete palabras* (2009), novela; *Somnábulo* (2014), relatos; *Fóra de si* (2018), novela e *Un señor elegante* (2020), novela de non ficción. Escribiu ademais, libros de xornalismo e ensaio.